

DAGUERROTIPOS

Agnès Varda, 1976

1581

ESTREA EN NUMAX: 26.08.2025 | V.O.S.E. | 80 min

Agnès Varda filma a rúa Daguerre, no distrito 14º de París, onde ela vivía. Filma os comerciantes, o carniceiro, a panadeira, o tendeiro do ultramarinos, o perruqueiro, os seus veciños. Transcende a vida apracible do francés medio. Unha homenaxe ao mundo do cotián.

«Un dos grandes documentais dos 70, no que Varda establece un novo xénero: a antropoloxía afectuosa»

Richard Brody, THE NEW YORKER

Martes 26 de agosto ás 21:30h. A proxección, incluída nas actividades do Festival C, celebrarase ao aire libre na parte final da rúa Concepción Arenal. Acceso libre até completar aforo. Organizan Concello de Santiago e Deputación da Coruña.



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



O traballo do cinema

Por Agnès Varda

Gústame filmar á xente real. Non pretendo minusvalorar o traballo dos actores, nin a súa capacidade para inventar unha realidade diferente, pero nada me excita tanto como atopar na vida real os modelos e os personaxes para filmar... ou non.

Encántame mirar como entran en escena eles mesmos, escoitar como falan, observar os seus xestos. É así como en 1975, despois de vivir 20 anos na mesma rúa, aprendín a ver mellor os meus veciños comerciantes facendo un documental. Fixen lanzar un fío eléctrico desde o contador da miña casa. O fío medía 90 metros. Decidín rodar *Daguerrotipos* partindo desa distancia. Non iría máis lonxe do que o meu fío. Atoparía que filmar, alí, e non máis lonxe.

O talento, cando se é documentalista, consiste en chegar a facerse esquecer. En poñer as cartas enriba da mesa. En dicirle á xente: vou iluminar, vou estar aí, pero esquecéndome despois. Comezamos aí, onde a televisión se detén. O tema principal son eles. Non eu. A miña intención non era facer unha película política. Ao contrario, busquei un achegamento completamente cotián. Tentando rexistrar as súas formas de vivir, os seus xestos. Xa que hai toda unha xestualidade nas relacións humanas, no interior do pequeno comercio, e alí varias cousas fascinábanme. O traballo de documentalista non é só técnico e cinematográfico. Reside nun achegamento aos outros, nunha escoita e nunha astucia para, por suposto, facelos falar, pero colocándoos nunha situación onde todo discorra correctamente.

Aproveitei un 14 de xullo (de 1976), día no que podemos invadir a rúa, para bailar, por exemplo. Convidei, de forma oral, a toda a xente do barrio, para que viñesen coas súas cadeiras. Como no caso dos pescadores de *La Pointe Courte* (1955), deime de conta de que a película, para os meus veciños, non era máis que unha serie de fotos animadas na pantalla, as cales comentaban en voz alta: «Viches ao can de Napoleón... Oh... Gilbert... Está mal peiteada» etc. Houbo un cambio –só un– antes e despois do visionado. Comprenderan que o cinema era un verdadeiro traballo. Viran a Nurith levando a cámara de 16mm. ás costas, vírannos comezar moi cedo para poder iluminar as tendas... Antes, tomábanme por unha artista contista e non conformista. Despois de facer *Daguerrotipos*, convertínme nunha traballadora.

Publicado en festivalcine Sevilla.eu



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Agnès Varda,
Carlos Tejeda.
Cátedra, 2025

Agnès Varda,
Carrie Rickey.
Circe, 2025

Universo Agnès Varda
Avalon [BluRay]